

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN PACO LAREO. A SOLAINA DE PILOÑO PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E DE FOMENTO DA CULTURA GALEGA**

En Santiago de Compostela

### **REÚNENSE**

**Don José Carlos López Campos**, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

**Dona Carmen Lareo Morao**, con DNI número 33167050S, na súa condición de presidenta da Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño, con CIF G36243764 e domicilio social no lugar de Piloño 36586 Vila de Cruces (Pontevedra), que actúa no nome e en representación da devandita fundación segundo as facultades que se lle otorgan na acta de data 6 de xuño de 2015, do seu nomeamento como presidenta da citada entidade.

### **EXPOÑEN**

1. Que, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego. Que no ámbito da Administración autonómica galega lle

corresponden á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua e da Dirección Xeral de Cultura, as competencias de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia e, a promoción, defensa e difusión do patrimonio cultural de Galicia.

**2.** Que as partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os niveis da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

**3.** Que as fundacións e demais entidades culturais sen ánimo de lucro xogan un papel destacado no labor dinamizador da lingua e da cultura galegas. Concretamente unha destas entidades é a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño que ten como obxectivo principal impulsar todo tipo de actividades culturais e artísticas e que dende a súa creación foi consciente da necesidade de crear un tecido solidario que contribúa ao acceso á cultura da poboación rural, apostando polas actividades socioculturais como nexos de unión entre os pobos.

**4.** Que a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co nº 1995/15 , con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e que ten como obxectivo principal manter vivo o Museo A Solaina de Piloño, promovendo e apoiando a súa labor a prol de recopilar e conservar a lingua e a cultura galegas.

**5.** Que a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño, foi creado por un dos artistas máis significativos da comarca do Deza o pintor, escultor e escritor Francisco Lareo Morao, que puxo en marcha o proxecto como unha iniciativa de dinamización

sociocultural. Trátase dun espazo adicado á cultura en xeral, que reúne diversos traballos e manifestacións artísticas, ademais de acoller encontros de escritores, artistas e músicos nun lugar onde é posible o intercambio de ideas e a organización de faladoiros.

6. Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver ao abeiro do convenio, soamente poderán levarse a cabo pola citada entidade que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia fundación. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

7. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño que teñen un interese común e coincidente que é o de promover e potenciar a lingua e a cultura galegas, manifestan a súa vontade de colaborar, xa que a consellería considera de especial interese para o fomento da lingua e da cultura galegas as actividades que desenvolve esta entidade.

Polo exposto, ambas as entidades acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2026, que se rexerá polas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

### **Primeira.- Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e da Dirección Xeral de Cultura e a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño para a realización de actividades de fomento da lingua e da cultura galegas.

**Segunda.- Obrigas da Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño**

Mediante a sinatura deste convenio, a fundación realizará a XVII XUNTANZA INTERNACIONAL DAS ARTES PLÁSTICAS, convocando durante cinco días consecutivos do mes de xullo a varios artistas de Galicia, España e do estranxeiro que, seleccionados polo padroado da Fundación, son convidados a participar nesta actividade.

- Elaboración de material divulgativo, deseño, maquetación e impresión de catálogo
- Realización de material promocional
- Actuación musical

Os gastos de estadía e mantenza, son asumidos pola Fundación, establecendo como única condición, a doazón da obra realizada.

A fundación encargarse de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos de que dispón para a súa realización.

As partes convenientes, compartirán a titularidade e o uso das publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre as ditas publicacións e demais materiais terán carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

**Terceira.- Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades**

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación

implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **Cuarta.- Asesoramento lingüístico**

A Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

#### **Quinta.- Financiamento**

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **5.500,00 €**.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e da Dirección Xeral de Cultura colabora cun importe total de **5.000,00 €**, coa seguinte desagregación:

- A Secretaría Xeral da Lingua colaborará na realización destas accións cunha achega económica por importe de **3.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.151A.640.6 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

- A Dirección Xeral de Cultura colaborará na realización destas accións cunha achega económica por importe de **2.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

A fundación achegará a cantidade restante de **500,00 €** para a realización das actividades previstas no convenio.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

No anexo I desagregase a cantidade total do convenio.

#### **Sexta.- Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

Para percibir a cantidade que achega a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e da Dirección Xeral de Cultura, a Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2026 a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Os gastos xustificaranse con facturas.
- Unha certificación de que as contas anuais da fundación foron presentadas ao protectorado e depositadas no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. (art. 38 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de interese galego).
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

- No caso de que se publiquen traballos entregaranse na Secretaría Xeral da Lingua un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realizaron ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

No suposto de que a entidade precise contar coa colaboración de medios alleos pola especificidade ou características técnicas das actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio e por iso, xustifique gastos de persoal, a suma destes gastos non poderán superar o 30% do importe total do convenio.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento a entidade deberá presentar:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Economía e Facenda.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A Secretaría Xeral da Lingua será o órgano competente encargado de comprobar o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos. Unha vez comprobada a documentación, o Secretario Xeral da Lingua emitirá certificado ao respecto que será enviado á Dirección Xeral de Cultura para que tramite o correspondente documento contable OK e o remita a Secretaría Xeral da Lingua para continuar coa tramitación do expediente para o seu pagamento.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

A fundación facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

### **Sétima.- Utilización da Lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio.

#### **Oitava. Imposibilidade de promover a concorrência pública.**

O Plan estratéxico de convenios de colaboración para subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega para o ano 2026, no seu apartado 7 dispón que, o que se persegue coa sinatura dos convenios é promover e fomentar a lingua e a cultura galegas coa finalidade de que estea presente en todos os ámbitos e sectores sociais e económicos da Comunidade Autónoma, garantindo que calquera cidadán ou cidadá poida vivir plenamente en galego, establecendo entre as partes do convenio unha colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos. A imposibilidade de promover a concorrência pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polas diferentes entidades ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco deste convenio, soamente se poderán realizar levar a cabo pola Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño referente único e exclusivo en Galicia sobre o artista e non resulta posible promover a concorrência pública para a realización das actividades previstas en este convenio.

#### **Novena.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de

transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

#### **Décima.- Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

#### **Décima primeira.- Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

#### **Décimo segunda.- Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, dous representantes da Dirección Xeral de Cultura e dous representantes da Fundación Paco Lareo. A Solaina de Piloño. Esta comisión, que estará presidida por

un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

#### **Décimo terceira.- Causas de resolución**

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

#### **Décimo cuarta.- Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

#### **Décimo quinta.- Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua e da cultura galega.

**Décimo sexta.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

**Décimo sétima.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Décimo oitava.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

#### **Décimo novena.- Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e  
Xuventude

A presidenta da Fundación Paco Lareo.  
A Solaina de Piloño

José Carlos López Campos

Carmen Lareo Morao

**ANEXO 1: ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR  
ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO**

**CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO**

| <b>Actividades:</b> XVII Xuntanza Internacional das Artes Plásticas              | <b>Importe</b>    |
|----------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| Elaboración de material divulgativo, diseño, maquetación e impresión de catálogo | 3.100,00 €        |
| Realización de material promocional                                              | 1.700,00 €        |
| Actuación musical                                                                | 700,00 €          |
| <b>Total</b>                                                                     | <b>5.500,00 €</b> |

